



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

Sr. Conselleiro  
Consellería de Medio Rural  
Xunta de Galicia

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN, na súa cualidade de Presidente da Asociación, en relación co “Borrador do Plan Director da Rede Natura 2000” (en adiante PDRN-2000), sometido ó proceso de información pública e audiencia ós interesados, presenta as seguintes:

### ALEGACIÓNS, COMENTARIOS E SUXERENCIAS XERAIS:

En conxunto, o Plan Director da Rede Natura 2000 é positivo pero resulta en boa medida voluntarista. Así, ao documento sometido a información pública:

- Sóbralle ambigüidade, por exemplo, precisa de máis concreción e definición sobre qué ferramentas e medios económicos haberá e sobre cómo serán a coordinación e prioridades con outras administracións.
- Fáltalle, en boa medida, ambición conservacionista:
  - O orzamento é moi baixo (aprox. 67,75 euros/ha), sen compromiso nin nas cantidades (“considéranse estimadas ao estaren condicionadas pola dispoñibilidade económica”) nin na súa continuidade (os fondos do FEADER son ata 2013 e o plan ata 2016).
  - Limitase a perfilar cales deben ser os obxectivos, pero non chega ao compromiso de establecer, obrigar, ou prohibir cando é preciso.
  - Non se compromete coa erradicación das especies invasoras, non regula a plantación de especies alóctonas forestais na zonas obxecto do Plan, nin fomenta a súa substitución por especies autóctonas xestionadas con criterios de sustentabilidade.
  - O tratamento dado ás infraestruturas de transporte de vehículos vai algo máis aló do que se fixo ata agora pero debera ser máis ambicioso, plantexando o uso de tuneis ou pontes que minimicen os noiros e movementos de terras, así como a redución das barreiras físicas e paisaxísticas, máis que a construción de corredores.
  - Só contempla o soterramento das liñas eléctricas nalgúns casos, deixando outros a posibles negociacións e esquecendo as liñas de baixa tensión nos pobos e espazos inter-pobos, que tamén son unha distorsión paisaxística que perxudica ao turismo de calidade como fonte complementaria de ingresos nas zonas Rede Natura.

A compatibilización dos usos gandeiros tradicionais na Rede Natura coa conservación da flora-fauna considéranse positivos e complementarios á biodiversidade, vistas as experiencias obtidas noutras áreas.

### ALEGACIÓNS, COMENTARIOS E SUXERENCIAS ESPECÍFICOS

#### 9. MEDIDAS DE XESTIÓN

##### 9.1 MEDIDAS E NORMATIVA XERAL

1. Obxectivos xerais de conservación. Considéranse correctos e acertados en xeral, pero:

1.3. Obxectivos xerais para as Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPA)

1.0 SUPRIMIR “e da súa explotación” ou alomenos clarificar a qué se refire.

3.0 A frase final “Fóra das devanditas zonas de protección tamén se fará un especial esforzo en evitar a contaminación ou a deterioración dos hábitats” semella moi acertada pero debería concretarse en protocolos de actuación especiais.



2. Directrices. Considéranse correctas e acertadas en xeral.
3. Alcance e ámbito de aplicación. Considéranse correctos e acertados en xeral, pero:
  - 2.0 Clarificar a redacción do segundo paragrafo como segue: "Aplicaranse os anteditos obxectivos, directrices e normativas ás áreas que resulten da ampliación dos espazos protexidos existentes, así como aos novos espazos da Rede Natura 2000 declarados mediante Decreto da Xunta de Galicia a proposta do Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza."
4. Exclusión de actividades na Rede Natura 2000
  - 1.0. ENGADIR: Non se permitirán novos aproveitamentos mineiros a ceo aberto. Tampouco se permitirán os subterráneos cando provoquen a acumulación de estériles na área delimitada pola Rede Natura ou que poidan chegar escorrentías ou afectar ós recursos hídricos da zona. Os aproveitamentos actuais non poderán ser obxecto de prórrogas das actuais concesións e no caso de estar caducadas ou non contar coa autorización na data de entrada en vigor deste Plan, non se lle concederá.
  - 2.0. Mellor indicar con carácter xeral "novos aproveitamentos enerxéticos industriais", pois tampouco serían admisibles, por exemplo, unha mega-central xeotérmica ou termo-solar.  
En ningún caso se autorizarán proxectos de modificación dos aproveitamentos enerxéticos existentes se supoñen unha ampliación da superficie de afección sobre a Rede Natura 2000.  
Unha vez caducadas, non se renovarán as licencias naqueles aproveitamentos que supoñan barreiras nos ríos e procederase á restitución da orografía orixinal.
  - 3.0. Modificar como segue: "O territorio delimitado polo espazo natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades industriais (INCLUIDAS AS AGRO-GANDEIRAS, FORESTAIS E ACUÍCOLAS), incompatibles cos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000"
5. Normativa xeral dos espazos da Rede Natura 2000. Considérase correcta e acertada en xeral.
6. Fomento de actividades socioeconómicas.
  - 1.0 Ben está que "O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación", pero bótase en falla unha definición clara do criterios para diferenciar entre "tradicional" e "industrial".

## 9.2 MEDIDAS E NORMATIVA POR COMPOÑENTES

### 9.2.1. Medio físico

#### 1. Átmosfera

##### 2. Directrices

- 2.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.
- 3.0 Tomaranse as medidas necesarias para limitar a contaminación lumínica. Nas novas instalacións ou infraestruturas evítase a emisión de luz directa cara ao ceo e evítanse excesos nos niveis de iluminación.

ESTAS DÚAS DIRECTRICES SON MEDIDAS TAN LÓXICAS DENDE O PUNTO DE VISTA ECONÓMICO E ECOLÓXICO QUE NON DEBERÍAN DE QUEDAR RESTRINXIDAS Ó ÁMBITO DA REDE NATURA 2000. Pero, ademais, deberían establecerse os lumen máximos que pode emitir cada foco, así como a distancia entre focos e que, con carácter xeral, a iluminación se interrumpirá a partires das 01:00 horas.

#### 2. Xea

1. CORRIXIR: "Conservar os recursos da xea e ~~promover~~ GARANTIR o seu aproveitamento sostible".



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

## 2. Directrices

- 1.0 INCLUIR: "... as características BIOLÓXICAS, químicas,..."
- 2.0 COMPLETAR: "Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais DE ESPECIES AUTÓCTONAS. NESTES TERREOS NON SE AUTORIZARÁN AS PLANTACIÓNS FORESTAIS CON DESTINO Á CORTA".
- 3.0 ENGADIR AO FINAL: "Ás actuais explotacións forestais esixiráselles, nun prazo de cinco anos a partir da aprobación deste Plan, un plan de explotación que garanta unha extracción máxima do 80% do volume de produción no período do mesmo e por sistema de entresaca, repartido proporcionalmente no período citado".

## 3. Ecosistemas subterráneos. Considéranse correctos e acertados en xeral, e moi especialmente as Directrices:

- 2.0 Darase prioridade á protección dos hábitats e as poboacións de especies cavernícolas sobre calquera outra actividade que poida desenvolverse nos ecosistemas subterráneos.
- 3.0 Protexerase o patrimonio arqueolóxico e paleontolóxico albergado nos ecosistemas subterráneos.

## 4. Augas continentais

### 1. Obxectivos

Os puntos 1.4 e 1.5 semellan redundantes.

### 2. Directrices

- 1.0 CORRIXIR: "... asegurarse o RÉXIME DE caudais ecolóxicos..."
- 2.0 CORRIXIR: "A este respecto minimizaranse os impactos que puidese producir a ~~realización de obras~~ AS ACTUACIÓNS que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos."

## 5. Augas e recursos mariños

### 2. Directrices

- 2.1 Non se debería plantexar a ocupación da costa como unha opción aberta, en especial para proxectos de acuicultura. A costa, como tal, é un espazo bioloxicamente especializado, sensible ós cambios e que ocupa un espazo limitado e restrinxido. Proxectos como os de acuicultura son instalables costa adentro e só precisan tuberías para o intercambio de auga, o cal tecnicamente é factible. Non se pode aceptar que se transfiran á cidadanía os custos paisaxísticos, de ocupación do solo marítimo-terrestre e de libre tránsito, por unha minorización do lucros das empresas.
- 7.0 Considérase moi acertada, pero pode e debe mellorarse para establecer un maior compromiso da administración ambiental: "Os argazos depositados nas praias de area e coídos configuran o hábitat de interese comunitario Nat-2000 1210. Por iso, ~~debería regularse~~ REGULARASE o seu aproveitamento ou a súa retirada como parte dos labores de limpeza que se realizan en moitas praias, co fin de evitar a súa mingua ou desaparición dentro do espazo natural." En calquera caso, débese ter especial precaución coa limpeza das praias e non usar medios mecánicos onde estea presente *Eurynebria complanata* (Coleoptera, Carabidae), catalogada pola SGHN como Vulnerable (VU A3C), sendo o principal motivo da súa situación a limpeza mecánica das praias.

## 9.2.2. Biodiversidade

### 1. Paixase. Considéranse correctos e acertados en xeral, coas seguintes matizacións.

#### 2. Directrices

- 2.0 Ben está que "Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo", pero no caso de existir zonas

parcial ou totalmente naturalizadas, terase en conta como afectaría un novo cambio ás especies asentadas na zona, en especial ós anfibios, aves que usen cantís para aniñar e invertebrados asociados ós medios húmidos.

5.0 “Teranse en conta criterios paisaxísticos E ECOLÓXICOS na planificación dos repoboacións forestais e a ordenación das masas arborizadas preexistentes QUE, EN TODO CASO, ESTARÁN SUXEITAS A AUTORIZACIÓN POLO ORGANISMO AUTONÓMICO COMPETENTE EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA.”

8.0 Suprimir por duplicidade co punto 5.0.

## 2. Hábitats. Considéranse correctos e acertados en xeral, coas seguintes matizacións:

Boa redacción do Obxectivo 3.0, “para o desenvolvemento dun elevado conxunto de especies de diversos grupos taxonómicos (flora, invertebrados, anfibios, aves, etc.)”, que debера trasladarse tamén ao punto 2.4 Humidais continentais, Obxectivo de conservación 2.0

### 2.1. Hábitats mariños

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 “A eliminación de verteduras non autorizadas que causen contaminación ás augas e aos sedimentos mariños.” ENGADIR: eliminación de recheos, obstáculos á circulación das correntes mariñas e especies alóctonas.

7. Indicadores de seguimento: O estado de conservación non é un indicador en si mesmo, xa que o concepto “estado de conservación do estado de conservación” é un bucle semántico. Un indicador de seguimento ten que ser un elemento mensurable.

### 2.2. Hábitats costeiros

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación

1.0 A eliminación de especies invasoras nunha zona sen abordar o problema na súa contorna supón un sobreesforzo continuo de control e polo tanto de adicación extra de recursos económicos e de persoal. Aparte do control destas especies na zona concreta, é necesario encetar accións concretas e sistemáticas sobre as especies máis extendidas ou agresivas fora da zona afectada para evitar a súa reintroducción. Dado que os medios económicos son limitados, SGHN propón un plan de erradicación para toda Galicia de *Oenothera* spp, *Carpobrotus edulis* e *Cortaderia seollana*.

ENGADIR: Reposición da legalidade urbanística, eliminación de galpóns, retirada de embarcacións, bateas e os seus compoñentes abandonados ou colocados intencionadamente nestas zonas.

5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 A retirada do argazo dos bancos marisqueiros é para favorecer os bancos marisqueiros; pode ou non afectar á Rede Natura, pero non se pode considerar que se fai para favorecer a ésta.

Considérase moi acertada a preocupación pola retirada de argazos e a “limpeza” de praias.

6. Actuacións que afectan de forma significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

6.0 ~~CORRIXIR: “Calquera uso incontrolado e sen autorización de biocidas sobre os hábitats protexidos e das especies de interese para a conservación.~~

7.0 SUPRIMIR, pois está incluído no 6.0.

9.0 ~~CORRIXIR: “Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar~~ POIS PROVOCAN unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

- ou sobre as áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservaci3n.
- 13.0 CORRIXIR: "As verteduras ~~non autorizadas~~ que causen contaminaci3n nos humidais costeiros (esteiros, marismas, lagoas costeiras, depresi3ns intradunares e humidais seminaturais) e nas zonas intermareais."
7. Indicadores de seguimento: O estado de conservaci3n non 3 un indicador en si mesmo, xa que o concepto "estado de conservaci3n do estado de conservaci3n" 3 un bucle sem3ntico. Un indicador de seguimento ten que ser un elemento mensurable. ENGADIR: "3rea de presenza, n3mero de poboaci3ns e efectivos das especies ex3ticas invasoras".
- 2.3. Corredores fluviaais
4. Actuaci3ns que son susceptibles de xerar un estado de conservaci3n favorable dos h3bitats de interese comunitario, ou a s3a recuperaci3n  
ENGADIR: - Deslinde do dominio p3blico hidr3ulico e medidas para a restituci3n da legalidade en caso de ocupaci3n do mesmo.  
- Eliminaci3n de obst3culos artificiais sen uso.  
- Protecci3n fronte ao axardinamento e urbanizaci3n: paseos e parques fluviaais.
5. Actuaci3ns que non supo3nen unha afecci3n significativa sobre o estado de conservaci3n dos h3bitats de interese comunitario  
"As cortas por furoneo nos corredores fluviaais e bosques h3midos" SON DE TODO PUNTO INACEPTABLES: as 3rbores nos corredores fluviaais dentro da zona de dominio p3blico hidr3ulico son patrimonio natural e p3blico de todos os cidad3ns e non se pode tolerar a s3a apropiaci3n por particulares.
6. Actuaci3ns que afectan de forma significativa ao estado de conservaci3n dos h3bitats de interese comunitario
- 2.0 "A alteraci3n dos cursos, cauces e ribeiras, as3 como a modificaci3n significativa do r3xime das augas,..." CORRIXIR: 3 preciso especificar a partir de qu3 nivel se considerari3 "significativa" ou ser3 papel mollado.
- 4.0 "... calquera tipo de obxecto..." realmente incl3e a ABSOLUTAMENTE TODO.
- 5.0 COMPLETAR: "A vertedura de zursos e residuos agr3colas ou industriais directamente sobre o medio acu3tico OU A ZONA DE DOMINIO P3BLICO HIDR3ULICO, as3 como sobre h3bitats de interese comunitario OU DE ESPECIES CATALOGADAS NALGUNHA CATEGOR3A DE AMEAZA OU DE INTERESE PARA A CONSERVACI3N".
- 7.0 COMPLETAR: "O dep3sito ~~de lodos de depuradoras industriais ou urbanas~~ DE TODO TIPO DE RESIDUOS ORG3NICOS (INCLUIDOS ESTERCOS E LODOS DE DEPURADORAS) OU INORG3NICOS sobre os tipos de h3bitat que conforman os corredores fluviaais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0\*, 91F0, 92A0)." O motivo 3 claro: o ac3mulo de deceas, ou centos, de toneladas de esterco de granxas industriais sobre estes h3bitats 3 alomentos tan prexudicial como o de lodos dunha depuradora dun n3cleo rural.
7. Indicadores de seguimento  
O estado de conservaci3n non 3 un indicador en si mesmo, xa que o concepto "estado de conservaci3n do estado de conservaci3n" 3 un bucle sem3ntico. Un indicador de seguimento ten que ser un elemento mensurable.
- 1.0 "Estado CUALITATIVO E CUANTITATIVO de conservaci3n das augas correntes".  
ENGADIR: - "3rea de presenza, n3mero de poboaci3ns e efectivos das especies ex3ticas invasoras".  
- "N3mero de impactos sobre el sistema fluvial *sensu lato*".
- 2.4 Humidais continentais
3. Obxectivos de conservaci3n



- 1.0 “Impedir toda deterioración adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humídais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”. ENGADIR: no marco da Convención de Ramsar e o Plan Estratéxico Español para a Conservación e o Uso Racional dos Humídais semella imprescindible engadir unha mención respecto á necesidade de recuperar os humídais degradados, alomenos os existentes dentro do ámbito territorial da Rede Natura 2000.
- 2.0 COMPLETAR: “Manter a integridade e conservar a funcionalidade de ecosistemas húmidos que proporcionan o medio acuático vital para a ~~reproducción dos anfibios~~ PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ELEVADO CONXUNTO DE ESPECIES DE DIVERSOS GRUPOS TAXÓNOMICOS (FLORA, INVERTEBRADOS, ANFIBIOS, AVES, ETC.) tal como atinadamente se indica no apartado 9.2.2. Biodiversidade. 2. Hábitats. Obxectivo 3.0.
6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
  - 2.0 COMPLETAR: “A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais directamente sobre o medio acuático, así como sobre hábitats de interese comunitario E A ZONA DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO”.
  - 5.0 CORRIXIR: “A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas OU CALQUERA OUTRA CAUSA que poidan levar consigo unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais lacunares (Nat-2000 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020\*, 6230\*, 7110\*, 7130\*, 7140, 7150, 7210\*, 91D0\*).”
  - 6.0 COMPLETAR: “O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas E DE RESIDUOS ORGÁNICOS DA GANDERÍA ESTABULADA sobre os tipos de hábitats dos humídais continentais”.
  - 11.0 SUPRIMIR, entendendo que está incluído no punto 10 sobre o uso de biocidas. Autorizados ou non, os biocidas sempre afectan ao estado de conservación.
  - 12.0 CORRIXIR: “A liberación ~~indiscriminada~~ no medio natural de organismos modificados xeneticamente,...”
  - 13.0 CORRIXIR: “Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor ~~que poidan provocar~~ POIS PROVOCAN unha alteración significativa sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais costeiros ou sobre as áreas prioritarias das especies costeiras de interese para a conservación.
  - 15.0 CORRIXIR: Dado o grave risco de compactación do solo ao circular maquinaria sobre terreos moi húmidos e, xa que logo, o risco de deterioro do hábitat dende a súa base, ademais dos impactos sobre flora e fauna, “A circulación e o uso de maquinaria forestal sobre hábitats de humídais continentais do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación”, non debería de autorizarse agás en casos absolutamente excepcionais, por razóns de interese público de primeiro orden e sempre na época do ano con menor nivel de auga.
7. Indicadores de seguimento: O estado de conservación non é un indicador en si mesmo, xa que o concepto “estado de conservación do estado de conservación” é un bucle semántico. Un indicador de seguimento ten que ser un elemento mensurable. ENGADIR: “Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras”.
- 2.5 Matogueiras e medios rochosos
  - Páx. 135. CORRIXIR “aves de prea” por “aves de presa”.



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación  
ENGADIR: 4.0 Prohibición de queimas, incluídas as prescritas, polo inasumible risco de intensa erosión destes solos xa moi pouco desenvolvidos, e de moi difícil recuperación dadas as fortes pendentes características destes hábitats.
5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
  - 1.0 COMPLETAR: "As actividades tradicionais de pastoreo nas matogueiras (Nat-2000 4030, 4060, 4090), SEN EMPREGO DE LUME COMO FERRAMENTE AGROGANDEIRA,..."
6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
  - 5.0 SUPRIMIR, entendendo que está incluído no punto 4 sobre o uso de biocidas. Autorizados ou non, os biocidas sempre afectan ao estado de conservación.
  - 6.0 "A liberación ~~indiscriminada~~ no medio natural de organismos modificados xeneticamente,..."
  - 8.0 e 14.0 REFUNDIR.
  - 10.0 SUPRIMIR "o uso do lume"; e ENGADIR: 10.1. O uso do lume.
- 2.6 Bosques
6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
  - 2.0 "O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas E DE RESIDUOS ORGÁNICOS DA GANDERÍA ESTABULADA sobre os tipos de hábitats de bosques".
  - 7.0 SUPRIMIR, entendendo que está incluído no punto 7 sobre o uso de biocidas. Autorizados ou non, os biocidas sempre afectan ao estado de conservación.
  - 8.0 CORRIXIR: "A liberación ~~indiscriminada~~ no medio natural de organismos modificados xeneticamente,..."
7. Indicadores de seguimento:  
ENGADIR: "Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras".
- 2.7 Agrosistemas tradicionais
6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
  - 5.0 SUPRIMIR, entendendo que está incluído no punto 4 sobre o uso de biocidas. Autorizados ou non, os biocidas sempre afectan ao estado de conservación.
  - 6.0 CORRIXIR: "A liberación ~~indiscriminada~~ no medio natural de organismos modificados xeneticamente,..."
7. Indicadores de seguimento:  
ENGADIR: "Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras".
3. Especies de interese para a conservación
  2. Directrices
    - 2.0 CORRIXIR: "Velarase pola pureza das poboacións e ~~evitaranse~~ PROHÍBESE introducir subespecies ou razas xeográficas distintas ás propias do espazo natural."
  - 3.1 Flora
    3. Obxectivos de conservación
      - 3.0 CORRIXIR: "Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor ~~que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.~~"
  4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación



- 1.0 CORRIXIR: "Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~significativamente~~ á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación."
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
    - 5.0 Suprimir "uso do lume".  
ENGADIR: 6.0 "Uso do lume."  
ENGADIR: 7.0 "Uso de biocidas."  
ENGADIR: 8.0 "As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de herpetos de interese para a conservación."
  7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os "Indicadores de seguimento" si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.  
ENGADIR: "Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras".
- 3.2. Invertebrados
3. Obxectivos de conservación
    - 4.0 CORRIXIR: "Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor ~~que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.~~"
  4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación
    - 2.0 CORRIXIR: "Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~significativamente~~ á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación."
  5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación
    - 1.0 O emprego de biocidas, insecticidas e similares supoñen unha afección significativa por canto non son específicos e afectan a grupos grandes de familias ou ordes, no que están incluídos as especies obxeto da acción como outras especies que poden incluso estar catalogadas baixo figuras de protección.
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
    - 5.0 Suprimir "uso do lume".  
ENGADIR: 6.0 Uso do lume.  
ENGADIR: 7.0 Uso de biocidas.  
ENGADIR: 8.0 "As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de invertebrados de interese para a conservación."
  7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os "Indicadores de seguimento" si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.  
ENGADIR: "Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras".
- 3.3. Peixes
3. Obxectivos de conservación
    - 3.0 CORRIXIR: "Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor ~~que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.~~"



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación
    - 2.0 CORRIXIR: “Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~significativamente~~ á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de peixes de interese para a conservación.”
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
    - ENGADIR: 4.0 “As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de herpetos de interese para a conservación.”
  7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os “Indicadores de seguimento” si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.
    - ENGADIR: “Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras”.
- 3.4. Herpetofauna
3. Obxectivos de conservación
    - 3.0 CORRIXIR: “Evitar a introdución e expansión de espécimes exóticos de carácter invasor ~~que poidan afectar ao estado de conservación das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.”~~”
  4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación
    - 2.0 CORRIXIR: “Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~significativamente~~ á dinámica, distribución e aos hábitats das poboacións das especies de herpetofauna de interese para a conservación.”
    - ENGADIR 3.0 Conservación e recuperación dos humidais continentais incluídos no inventario de humidais de Galicia.
    - ENGADIR 4.0 Eliminar ou reducir o efecto barreira das infraestruturas viarias, comezando polos “puntos negros” con grande mortalidade de anfibios e hérpets por atropelo, especialmente no caso de especies de interese para a conservación.
  5. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación das especies de interese para a conservación
    - 1.0 O emprego de biocidas, insecticidas e similares supoñen unha afección significativa por canto non son específicos e afectan a grupos grandes de familias ou ordes, no que están incluídos as especies obxeto da acción como outras especies que poden incluso estar catalogadas baixo figuras de protección.
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
    - ENGADIR: 5.0 Uso do lume.
    - ENGADIR: 6.0 Uso de biocidas.
    - ENGADIR: 7.0 “As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de herpetos de interese para a conservación.”
  7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os “Indicadores de seguimento” si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.
    - ENGADIR: “Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras”.
- 3.5. Aves
- Páx. 157, penúltima liña: CORRIXIR “réptiles” por “aves”.

3. Obxectivos de conservación
    - 1.0 COMPLETAR: “Conservación da diversidade de aves que viven normalmente en estado ~~salvaxe~~ SILVESTRE no territorio galego E MANTEMENTO, OU RECUPERACIÓN, DO ESTATUS REPRODUTOR DAS ESPECIES QUE O TEÑEN NA ACTUALIDADE OU O TIVERON ATA UN PASADO RECENTE.”
    - 2.0 CORRIXIR: “Garantir a protección, ~~administración e a regulación~~ das especies de aves e REGULAR a súa explotación.”
  4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable das especies de interese para a conservación, ou a súa recuperación
    - 2.0 CORRIXIR: Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~negativamente~~ á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de aves de interese para a conservación.

ENGADIR: “3.0 Aumentar o número, a superficie e a representatividade das Zonas de Especial Protección para as Aves, ata acadar alomenos o promedio das restantes Comunidades Autónomas.” RESULTA BOCHORNOSO QUE, DE ACORDO COAS CIFRAS OFICIAIS, A SUPERFICIE DE GALICIA PROTEXIDA COMO ZEPAS (3%) APENAS SUPERE Á SUPERFICIE DE GALICIA CUBERTA POR CEMENTO E ASFALTO (2%).
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario
    - 2.0 CORRIXIR: “A destrución ou redución das áreas de cría, reprodución, invernada, repouso ou alimentación, ~~situadas fora das zonas húmidas.~~”

Engadir : 5.0 “As actividades de uso público e recreativo incontroladas que causen perturbacións ás poboacións de aves de interese para a conservación.”
  7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os “Indicadores de seguimento” si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.

ENGADIR: “Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras”.
- 3.6 Mamíferos
3. Obxectivos de conservación
    - 3.0 COMPLETAR: “Conservación dos hábitats cavernícolas, AS CAVIDADES SUBTERRÁNEAS CONSTRUIDAS POLO HOME E AS EDIFICACIÓNS que serven de refuxio a importantes poboacións de mamíferos de interese para a conservación.”
    - 5.0 CORRIXIR: “Regular e ~~fomentar~~ o exercicio da caza desde un punto de vista sostible que permita manter nun estado de conservación favorable as poboacións das especies de mamíferos de interese para a conservación, así como os seus hábitats.”
  4. Actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, ou a súa recuperación
    - 3.0 CORRIXIR: Erradicación e control de especies invasoras PRIORIZANDO AS que MÁIS afecten ~~negativamente~~ á estrutura, composición taxonómica e funcionalidade dos hábitats das poboacións das especies de aves de interese para a conservación.
    - 4.0 COMPLETAR: Impedir o acceso de visitantes sen autorización ás covas e grutas, ASÍ COMO AS CAVIDADES ARTIFICIAIS E AS EDIFICACIÓNS que serven de hábitat para as especies de quirópteros protexidos e catalogados.
  6. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario



- 5.0 ~~CORRIXIR: "O emprego sen autorización de biocidas para o control de pragas".~~  
 ENGADIR: 6.0 "O uso sistemático de antibióticos na gandeiría", xa que afectan ós insectos detritívoros e coprófagos, reducindo a súa biodiversidade e efectando a incorporación de nutrientes ó solo, pola redución das especies enterradoras dos excrementos. Tamén afecta ós morcegos por redución das presas de orixe coprófaga. (Paz, O., 2006)
7. Ao contrario que no apartado de hábitats, neste os "Indicadores de seguimento" si son realmente indicadores, xa que permiten facer un seguimento e medir a evolución da situación.  
 ENGADIR: "Área de presenza, número de poboacións e efectivos das especies exóticas invasoras".

### 9.2.3 Usos marisqueiros e pesqueiros

1. Obxectivos
  - 1.0 ~~CORRIXIR: A xestión marisqueira e pesqueira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.~~
2. Directrices
 

ENGADIR: "6.0 Estudar a afección que supón a substitución de especies autóctonas de interese comercial por especies alóctonas". Un exemplo que se está a producir e o da ameixa fina (*Ruditapes decussatus*) pola ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*).
3. Normativa xeral
  - 2.0 MODIFICAR: Consideraranse permitidos os aproveitamentos marisqueiros que no momento da entrada en vigor deste plan se atopen conformados por especies exóticas poderán manter a súa dedicación. A Xunta de Galicia arbitrará as medidas necesarias para fomentar a transformación destas explotacións NUN PRAZO DE 10 ANOS, co fin de recuperar a naturalidade dos hábitats propios desta zona.

### 9.2.4 Usos agropecuarios

1. Obxectivos
  - 1.0 ~~CORRIXIR: "A xestión agrícola e gandeira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación."~~
2. Directrices
  - 7.0 ~~CORRIXIR: "Nos terreos agrícolas e gandeiros procurárase respectar respectarase a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre..."~~
3. Normativa xeral
  - 3.0 ENGADIR AO FINAL: Que a correspondente Avaliación de Impacto Ambiental contemple sempre:
    - A exclusión dos hábitats de conservación prioritaria na UE e das zonas consideradas hábitats de taxóns ameazados a nivel estatal (Libros vermellos) ou autonómico (Catálogo Galego de Especies Ameazadas) e áreas de protección de bens do patrimonio cultural.
    - A inclusión só das terras de boa aptitude agrolóxica.
    - A preservación das masas e sebes de árbores e arbustos autóctonos.

- A preservación, sen “acondicionar” ou modificar, dos cauces fluviais, as ripisilvas, as brañas, a chaira de asolagamento, así como os prados de sega.
- A avaliación con exactitude da produtividade das terras antes da concentración parcelaria, en termos económicos e agrícolas.
- O establecemento con claridade dos obxectivos que se pretenden acadar coa concentración parcelaria: demográficos, en termos de fixación ou incremento da poboación rural, e de produtividade, en termos económicos e agrícolas.

## 9.2.5 Usos forestais

### 1. Obxectivos

- 1.0 CORRIXIR: A xestión forestal do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que ~~se minimicen, cando non~~ se eviten as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

### 2. Directrices

- 5.0 ENGADIR: Para seren subvencionables (ou autorizables) as explotacións deberán estar certificadas baixo o selo FSC (Forest Stewardship Council), quedarán excluída a certificación PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification) ou outras.

- 12.0 CORRIXIR “andadeiras” por “anidadeiras”

### 3. Normativa xeral

- 1.0 Paragrafos 3º e 4º. MODIFICAR: Non se debe permitir novas prantacións de *Pinus* spp ou outras especies alóctocas ou exóticas.

- 4.0 Establecer plans para a erradicación de *Eucalyptus* spp.: o *Atlas de las Plantas alóctonas Invasoras* (Dirección General para la Biodiversidad, Ministerio de Medio Ambiente, 2004) considera a varias especies de este género como invasoras, en concreto *Eucalyptus globulus* e *E. camaldulensis*, as dúas especies máis extendidas en Galicia.

- 7.0 POR MOTIVOS PAISAXÍSTICOSE AMBIENTAIS, entre os usos de autorización preceptiva en ningún caso deberan contemplarse os seguintes no interior dos espazos da Rede Natura e, xa que logo, habería que SUPRIMIR OS PUNTOS SEGUINTE:

- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de interese comunitario.
- A realización de rozas, sangrados, subsolados sobre queirogais húmidos (Nat-2000 4020 \*) e turbeiras (Nat-2000 7110 \*, 7130 \*, 7140, 7150, 7210 \*, 7220 \*, 7230, 91D0\*).
- O uso extensivo do lume na xestión e aproveitamento das superficies non arborizadas consideradas como hábitats de interese comunitario, en actuacións de xestión e protección do biotopo
- Excepcionalmente, a realización de queimas controladas e de restrebas, sempre que non leven consigo unha afección sobre o estado de conservación dos hábitats e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e se realicen conforme á normativa vixente.
- O uso de calquera tipo de biocidas o herbicidas sobre hábitats incluídos na DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- A fumigación con equipos aéreos.
- A realización de aterraxamentos nos proxectos de plantacións forestais.

- 8.0 CORRIXIR: A transformación de tales superficies xa non deben estar contempladas se se trata de especies alóctonas. Aquí empregase o termo repoboación para calquera especie forestal, pero este termo debe quedar reservado só para as autóctonas.



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

9.0 Considéranse usos prohibidos no ámbito do espazo natural.

- ENGADIR:
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas.
  - A realización de rozas, sangrados, subsolados sobre queirogais húmidos (Nat-2000 4020 \*) e turbeiras (Nat-2000 7110 \*, 7130 \*, 7140, 7150, 7210 \*, 7220 \*, 7230, 91D0\*).
  - O uso extensivo do lume e as queimas controladas e de restrebas.
  - O uso de calquera tipo de biocidas sobre hábitats incluídos na DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
  - A realización de aterraxamentos nos proxectos de plantacións forestais.

### 9.2.6 Urbanismo e ordenación territorial

2. Directrices

Considéranse moi acertadas todas elas, especialmente as números 1 a 5.

- 6.0 PUNTUALIZAR: "Fomentarse a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos, TENDO EN CONTA EN TODO MOMENTO A NECESIDADE DE DEIXAR OCOS E FENDAS (PECHADOS CARA O INTERIOR PERO ABERTOS AO EXTERIOR) E OUTROS ESPAZOS PARA OS SEU USO POLA FAUNA."
- 8.0 COMPLETAR: "Fomentarse a inventariación de edificios, elementos ou conxuntos arquitectónicos, de enxeñaría, espazos colectivos, etc., que sexan de interese polo seu valor arquitectónico, histórico, social ou cultural OU NATURAL co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento e promoverase a protección e conservación das edificacións máis valiosas."
- 10.0 PUNTUALIZAR: "Toda actuación a realizar en edificacións xa existentes adaptarse ás normas urbanísticas correspondentes E TERÁ EN CONTA OS CICLOS BIOLÓXICOS DAS ESPECIES QUE AS EMPREGAN COMO REFUXIO E/OU LUGAR DE ANIÑAMENTO".

### 9.2.7 Infraestruturas e obras

2. Directrices

- 6.0 PUNTUALIZAR: "No deseño e mantemento de infraestruturas, teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre. Habilitaranse as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo. PARA MINIMINAR O SEU EFECTO BARREIRA SOBRE A FAUNA, NAS INFRAESTRUTURAS LINEAIS EVITARASE A CONSTRUCCIÓN DE NOIROS E FOMENTARASE O USO DE TUNEIS E VIADUTOS."

### 9.2.8 Uso público e actividades deportivas

2. Directrices

- 6.0 CORRIXIR: Non se autorizará a introdución ou solta de especies de caza e pesca. Actuarase reducindo os cupos de caza e pesca para que se manteña unha densidade de poboacións idónea. No caso de ter desaparecido algunha especie, previa avaliación de impacto ambiental, poderá permitirse a reintroducción de exemplares salvaxes ata que se estableza a poboación local.
- 9.0 CORRIXIR: "Non se permitirá a construción de infraestruturas cinexéticas ou piscícolas permanentes ~~deberá evitar impactos negativos e pouco reversibles sobre o medio físico ou biocenose. En particular evitaranse os cercados cinexéticos de~~ NIN A explotación intensiva de caza ou zonas de pesca intensiva ~~con morte en espazos protexidos da Rede Natura 2000.~~ O resto de infraestruturas deberán contar cos elementos construtivos necesarios para evitar afeccións significativas sobre o grao de permeabilidade/conectividade dos hábitats ou sobre a circulación das especies de interese para a conservación."
- 10.0 CORRIXIR: "O organismo autonómico competente en materia de conservación da

natureza ~~poderá establecer~~ ESTABLECERÁ regulacions específicas para o exercicio da actividade cinxética, piscícola ou calquera outra actividade deportiva que se desenvolva no espazo natural, cando desta se deriven ou previsiblemente poidan derivarse prexuízos.”

### 3. Normativa xeral

6.0 CORRIXIR: “O exercicio da caza e da pesca deportiva considéranse actividades permitidas, sempre e cando non supoñan unha diminución significativa no estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. De acordo coa normativa sectoria, o disposto nos artigos 2.3 e 6 da DC92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, e coas especificacións consideradas no presente Plan, o organismo competente en materia de conservación da natureza ~~poderá establecer~~ ESTABLECERÁ as regulacions que considere oportunas para que o exercicio destas actividades se desenvolva en coherencia cos obxectivos e directrices do presente Plan.”

8.0 PUNTUALIZAR: Paragrafo 3º: “O control de depredadores de caza autorizada mediante métodos selectivos, por motivos de superpoboación ou danos demostrados no resto da fauna, sempre e cando se apliquen os criterios do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007 E PREVIA ANÁLISE DOS MOTIVOS DA SOBREPOBOACIÓN E CORRECIÓN DELES.”

9.0 Consideraranse prohibidos en toda a Rede Natura 2000

ENGADIR: En cumprimento da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, que ten carácter de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, queda expresamente prohibida a tenza e utilización de munición de chumbo para fins deportivos e recreativos nos humidais incluídos nos espazos da Rede Natura 2000 (Artigo 62. 3.j), sen excepción algunha en canto ó tipo de munición (perdigóns, postas ou balas) e de humidais.

COMPLETAR: O establecemento de zonas de caza ou de pesca fluvial intensivas; AS EXISTENTES NO MOMENTO DA ENTRADA EN VIGOR DESTE PLAN DIRECTOR QUEDARÁN AUTOMÁTICAMENTE ANULADAS.

COMPLETAR: A construción de cerramentos cinxéticos ou de infraestruturas particulares permanentes que impidan a libre circulación dos animais ou os peixes; OS EXISTENTES DEBERÁN SER RETIRADOS NUN PRAZO DE SEIS MESES A CONTAR DENDE O MOMENTO DA ENTRADA EN VIGOR DESTE PLAN DIRECTOR.

## 9.2.9 Componentes culturais

### 1. Obxectivos

1.0 PUNTUALIZAR: “Preservar o patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico existente no espazo natural e favorecer a súa investigación e posta en valor, COMPATIBILIZÁNDOO SEMPRE COA AXEITADA CONSERVACIÓN DOS SEUS VALORES NATURAIS.”

### 2. Directrices

5.0 PUNTUALIZAR: “Elaborarase a infraestrutura informativa e educativa precisa (sinalizacións, paneis explicativos, folletos, etc.) para a necesaria posta en coñecemento do público dos valores do patrimonio cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do espazo natural. AS INDICACIÓNS SERÁN DISCRETAS E AS IMPRESCINDIBLES PARA SINALAR AS ROTAS. NON SE COLOCARÁN GRANDES CARTEIS NO MONTE.”

## 9.3 NORMATIVA ZONAL



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

### Zona 1.- Área de Protección (Usos Tradicionais Compatibles)

#### 3. Directrices

- 1.0 ~~CORRIXIR: "O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular~~ **REGULARÁ** os aproveitamentos dos recursos naturais, ~~así como denegar~~ **DENEGARÁ** novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación."
- 6.0 **COMPLETAR:** "Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e NATURAIS, de xeito especial as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais."

### Zona 2.- Área de Conservación (Aproveitamento Ordeado dos R.N.)

#### 1. Definición

- 3.0 ~~CORRIXIR: "Nestas áreas regulanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. A Zona 2 actúa a xeito de área de amortecemento entre a zona 1 e a zona 3."~~

#### 2. Obxectivos

- ENGADIR 4.0: "Regular as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha merma ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación".

#### 3. Directrices

- 1.0 ~~CORRIXIR: "O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular~~ **REGULARÁ** os aproveitamentos dos recursos naturais, ~~así como denegar~~ **DENEGARÁ** novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación."
- 3.0 **COMPLETAR:** "Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e NATURAIS, de xeito especial as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais."

### Zona 3.- Área de Uso Xeral (Asentamentos e Núcleos Rurais)

#### 3. Directrices

- 1.0 ~~CORRIXIR: "O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá regular~~ **REGULARÁ** os aproveitamentos dos recursos naturais, ~~así como denegar~~ **DENEGARÁ** novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación."

### 1. Ordenación do territorio e urbanismo

#### Normas específicas Zona 1: Área de Protección

##### Usos e actividades permitidos

- 2.0 **SUPRIMIR:** As concentracións parcelarias non deberan estar permitidas en Zona 1.
- 3.0 **COMPLETAR:** "As tarefas de deslinde e amolloamento dos terreos, parcelas e terreos situados no dominio público marítimoterrestre E NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO."

##### Usos e actividades autorizables

- 6.0 **ENGADIR AO FINAL:** "Non se renovarán nin ampliarán os permisos as explotacións mineiras a ceo aberto, a restauración das zonas explotadas deberá ser simultánea ao avance da explotación. Tampouco se renovarán nin ampliarán os permisos as

explotacións mineiras subterráneas cando provoquen a acumulación de estériles na área delimitada pola Rede Natura ou que poidan chegar escorrentías ou afectar ós recursos hídricos da zona”.

- 8.0 INACEPTABLE EN ZONA 1: ÁREA DE PROTECCIÓN. SUPRIMIR TOTALMENTE. A construción de novas vías de circulación de vehículos a motor cando estean previstas nos plans xerais ou outros instrumentos de plan urbanístico ou de ordenación do territorio, sempre e cando se sometan, de acordo ao artigo 6 da DC 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, a unha axeitada avaliación das súas repercusións sobre os ecosistemas, os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 9.0 INACEPTABLE EN ZONA 1: ÁREA DE PROTECCIÓN. SUPRIMIR TOTALMENTE. A apertura de novos camiños e pistas cando estea expresamente contemplado no plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, ou ben se trate de camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola Administración competente en materia de agricultura, montes ou medio ambiente, ou ben sexan autorizados seguindo a canle do artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia. As novas aperturas de camiños ou pistas deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, evitando no posible toda alteración da paisaxe, minimizando ou corrixindo o seu impacto ambiental, e non causando afeccións significativas sobre hábitats prioritarios ou sobre especies prioritarias ou catalogadas en perigo de extinción, conforme ao establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE e o artigo 45 da Lei 42/2007.”
- 11.0 INACEPTABLE EN ZONA 1: ÁREA DE PROTECCIÓN. SUPRIMIR TOTALMENTE. A instalación de establecementos de acuicultura, logo do informe favorable da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da Unión Europea que resulten de aplicación, sempre e cando non sexan construídas sobre tipos de hábitat prioritarios mariños nin sobre tipos de hábitat continentais prioritarios ou de interese comunitario, se adecúen aos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, e sexan sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

## 2. Infraestruturas e obras

Normas comúns ás Zonas 1, 2 e 3

Usos e actividades autorizables

- 3.2 CORRIXIR: “As liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus existentes con anterioridade á entrada en vigor Real Decreto 1432/2008, situadas en zonas de protección, seranlles aplicadas, de forma obrigatoria, as medidas de protección contra a electrocución e, ~~de forma voluntaria, as medidas de protección~~ contra a colisión, establecidas todas elas no devandito Real Decreto.”
- 4.0 CORRIXIRE COMPLETAR: A “rectificación de cauces”, desacreditada hai decenios dende un punto de vista hidrolóxico, non ten encaixe legal no Artigo 1 da Directiva 2000/60 de augas que ten como obxecto “establecer un marco para a protección de las aguas superficiales continentales, las aguas de transición, las aguas costeras y las aguas subterráneas que: a) prevenga todo deterioro adicional y proteja y mejore el estado de los ecosistemas acuáticos y, con respecto a sus necesidades de agua, de los ecosistemas terrestres y humedales directamente dependientes de los ecosistemas acuáticos”. Xa que logo, debería prohibirse con carácter xeral e moi especialmente no Plan Director da Rede Natura 2000. Ademais, as accións que inclúan dragados, defensa de ríos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas non deberan de ser autorizables en Zonas 1 e 2, aínda que si poderían autorizarse en Zona 3 cos condicionantes expostos no Borrador do Plan Director.
- 8.0 As obras de reparación, conservación e rehabilitación que se consideren precisas para



o mantemento en bo estado dos paseos marítimos ou fluviais existentes, sempre e cando sexan realizadas sen causar afeccións significativas sobre os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE ou as especies de interese de conservación, e se adecúen aos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. ENGADIR: os proxectos para ditas obras deberán avaliar sempre a pertinencia ou non das mesmas dende o punto de vista da conservación, ou recuperación, dos hábitats e as especies de interese, considerando a posibilidade de aproveitalas para modificar o trazado ou a tipoloxía construtiva do paseo coa finalidade de eliminar ou reducir os seus impactos ambientais.

### 3. Uso público e actividades deportivas

Normas comúns ás Zonas 1, 2 e 3

Usos e actividades permitidos

- 1.0 CORRIXIR: "...Neste sentido, o organismo competente en materia de conservación da natureza ~~poderá establecer~~ ESTABLECERÁ as medidas necesarias no desenvolvemento do uso público a fin de garantir a conservación, o mantemento e o desenvolvemento dos usos e as actividades tradicionais."
- 1.3 Nas devanditas áreas poderán ser autorizadas e reguladas, no seu caso, as seguintes actividades:
  - "O uso do lume, nas áreas e nas infraestruturas habilitadas a tal efecto DEBERA PERMITIRSE SÓ EN ZONA 3."
  - A práctica do aerodelismo (DEBERA PERMITIRSE SÓ EN ZONA 3) e o uso de papaventos.
  - A realización de espectáculos de carácter lúdico ou recreativo de carácter temporal ao aire libre, sempre e cando non se realicen sobre áreas ocupadas por hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE NIN EN HÁBITATS DE ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN. ESTAS ACTIVIDADES DEBERÍAN DE PROHIBIRSE EN ZONA 1.
  - O fondeo e amarre de embarcacións deportivas, SO DEBERAN PERMITIRSE EN ZONA 3.
- 4.0 Sublíñase que no documento falta o punto con esta numeración.
- 6.0 "... Nos humidais, ~~e~~ sistemas dunares E HÁBITATS DE ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN o tránsito destes animais de compañía deberá ser controlada con correa e bozo por parte dos seus propietarios."

Usos e actividades autorizables

- 2.0 As actividades cinxéticas non deberan de permitirse en Zona 1.
- 4.1
  - O voo de aeronaves (avionetas, globos aerostáticos, ás-deltas, parapente e calquera outro artefacto voador), incluíndo as manobras de despegue, aterraxe, cando se realice a menos de 1.000 metros de altitude debería prohibirse nas ZEPAs.
  - Calquera tipo de competición ou "concentración" deportiva con vehículos a motor (rallys, quads, motocross, etc.) debería de estar expresamente prohibida en toda a Rede Natura 2000, incluso nas vías de libre tránsito.
  - CORRIXIR: O uso de embarcacións ~~a motor~~ en tramos fluviais ou en encoros.
  - O adestramento de cans para o exercicio da caza, debería estar expresamente prohibido en Zona 1 e nos hábitats de especies de interese para a conservación situados en Zona 2.
  - O barranquismo, o rafting, a escalada, a espeleoloxía e o alpinismo deberían estar expresamente prohibidos en Zona 1, así coma nos hábitats de conservación prioritaria do Anexo I da DC 92/43/CEE e nos hábitats de especies de interese para a conservación situados en Zona 2.



## 10 AVALIACIÓN AMBIENTAL

Páx. 192, primeiro parágrafo:

**CORRIXIR:** O Organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza adoptará as medidas apropiadas para evitar nos lugares que conforman a Rede Natura 2000 (LIC, ZEPA), a deterioración dos hábitats naturais e das especies que motivaron a súa declaración na medida en que as devantidas alteracións poidan ter un efecto negativo apreciable no que respecta aos obxetivos de conservación establecidos polas directivas DC 2009/147/CE, a DC 92/43/CEE, a DC 2000/60/CE, así como pola normativa estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 9/2001).

## 11 PLAN DE SEGUIMIENTO

O documento límitase a enuncialo na páx. 196, facendo referencia á lexislación aplicable, sen máis detalles pese a súa grande importancia e interese.

## 12 DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR

O documento límitase a enuncialo na páx. 197, facendo referencia á lexislación aplicable, sen máis detalles pese a súa grande importancia e interese.

## 13 MEMORIA ECONÓMICA DO PLAN DIRECTOR

Tan só enunciada, pouco máis que como declaración de intencións, alomenos no documento dispoñible para información pública. Bótase en falla un compromiso claro co investimento preciso para a conservación da Rede Natura 2000 en Galicia máis aló de estimacións tentativas en números redondos supeditados a dispoñibilidade económica de cada momento.

En Santiago de Compostela a 27 de xullo de 2011

O Presidente da SGHN

Serafín González Prieto